

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2024042072
ASUNTO	INSTRUCCIÓN DE ACCESO AOS CUESTIONARIOS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLA INSTITUCIÓN
TRÁMITE	RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE APROBACIÓN DA INSTRUCCIÓN

O deputado, en exercicio das competencias delegadas da Presidencia en materia de persoal, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Recibido traslado da resolución presidencial núm. 2024004644, do 4 de xuño de 2024, da Unidade Responsable de Transparencia, pola que se resolve á petición de acceso dunha persoa a cuestionarios de oposicións convocadas pola Deputación, e na cal, entre outras cuestións, insta ao Servizo de Recursos Humanos e Formación a que lle solicite aos secretarios dos procesos selectivos a inclusión dos cuestionarios no expediente electrónico do proceso selectivo e a publicar estes cuestionarios no portal web correspondente (sede electrónica), e de conformidade co disposto no artigo 105.b) da Constitución Española, desenvolto pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG) e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra, considerando as competencias delegadas da Presidencia en materia de persoal e en virtude das facultades que me confire o artigo 61.12 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, RESOLVO aprobar a presente instrucción cuxo texto é o seguinte:

INSTRUCCIÓN DE ACCESO AOS CUESTIONARIOS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLA INSTITUCIÓN

Primeiro.- Esta instrucción ten como obxecto regular o acceso polas persoas interesadas aos cuestionarios dos distintos procesos selectivos convocados pola Deputación de Pontevedra.

Segundo.- A partir da entrada en vigor da presente instrucción, a responsabilidade de incluír os exercicios en formato electrónico no expediente, será da persoa que ocupe o cargo de secretario/a no proceso selectivo correspondente.

Terceiro.- O secretario ou a secretaria deberá, unha vez finalizado todo o proceso selectivo, incorporar os exercicios, tanto o tipo test como o caso práctico, no



expediente electrónico da convocatoria na parte da sede habilitada para os tribunais dos procesos selectivos.

O Servizo de Recursos Humanos e Formación facilitará un modelo para que todos os cuestionarios teñan un formato uniforme para a súa publicación.

No caso dos exercicios tipo test estes deberán ser publicados cas respostas correspondentes.

O secretario ou secretaria prestará especial atención a que na copia que se inclúa no expediente electrónico non conteña ningún tipo de dato de carácter persoal nin de anotacións.

Cuarto.- Ata a creación dun apartado específico dentro da sede electrónica da institución onde se custodien todos os cuestionarios, estes permanecerán visibles na parte de documentación do proceso selectivo correspondente.

Quinto.- A expedición de copias de exames de datas anteriores a entrada en funcionamento da presente instrución, seguirase realizando en formato papel (formato orixinal) coa correspondente taxa pola expedición de fotocopias de acordo ca normativa vixente da institución.

Sexto.- A presente instrución entrará en vigor ao día seguinte da data da resolución que a aprobe e, se lle dará traslado, aos secretarios dos procesos selectivos para o seu cumprimento e a Unidade Responsable da Transparencia para a súa publicación.

Asinado dixitalmente ao marxe

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó do recibo desta notificación (artigos 112 e 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común), ou ben, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poda utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

